





SOPRAMOCOS 2





1. Nun papel cadrado vincamos as dúas diagonais.

2. Dobramos o cadrado xuntando dous vértices opostos. Agora levamos os dous vértices agudos (a e b) deste triángulo rectángulo até o vértice recto (v), e dobramos.



3. Temos así esta figura, que dobraremos cara atrás pola liña marcada.

4. Xa temos así o sopramocos rematado.



5. Agarrámolo de calquera das dúas maneiras que mostramos nas fotografías.

Na primeira suxeitamos con tres dedos, quedando o diedro interno libre, apoiado no dedo indicador.

Na segunda agarramos apenas os dous planos externos co polgar e o indicador, quedando o diedro interno libre.

6. Cun movemento rápido do brazo cara a abaixo, provocaremos que se abra o diedro interno producindo o estalido esperado.